

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 26 DE
DECEMBRO DE 2016**

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día vinte e seis de decembro de dous mil dezaseis, reúnen-se os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria debidamente convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas e catro minutos.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodriguez, D. Iban Torres Rodriguez, Dna. M^a Pilar Espinosa Novelle, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M^a Douton Rajo.

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: Dna. M^a Pilar López Martínez, Dna. M^a Alicia I. Cadarso Palau, Dna. M^a José Vega Buján, D. Emilio José Sánchez Iglesias, D. Víctor López Mateo.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. M^a Julia Rodríguez Barreira, D. Emilio Ivan Vázquez Rodríguez, Dna. M^a Purificación Argiz Quintas, D. Francisco José Cela Rodríguez, D. Manuel Jesús López Sánchez.

Grupo municipal de Esperta Monforte: Dna. M^a Isabel García Díaz.

Interventora acctal.: Dna. María I. Buján Arias.

Secretario: D. José M^a Baños Campo, que dá fe do acto.

O Sr. Alcalde abre a sesión e desexa un bo Nadal. Tamén comunica o agasallo que se fai aos corporativos e funcionarios asistentes do libro "*Tierras de Lemos*", de escritora e editorial monfortinas.

A continuación, dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

**1. ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO
28 DE NOVEMBRO DE 2016.**

Non hai ningunha observación respecto ao borrador remitido coa convocatoria. Sometido a votación, o Pleno por unanimidade acorda aprobar a Acta da sesión ordinaria da Corporación municipal do 28 de novembro de 2016.

PARTE RESOLUTIVA

**2. ORZAMENTO XERAL DE 2017 DO CONCELLO DE MONFORTE DE
LEMONS: ORZAMENTO DA ENTIDADE LOCAL E DO ORGANISMO
AUTÓNOMO INSTITUTO MUNICIPAL DE DROGODEPENDENCIAS,
BASES DE EXECUCIÓN, CADRO DE PERSOAL, TEITO DE GASTO,
MASA SALARIAL DO PERSOAL LABORAL.**

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas e de que a parte de persoal foi obxecto de Mesa xeral de negociación. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“Formado o Orzamento Xeral deste Concello correspondente ao exercicio económico 2017, formado polo Orzamento do Concello e o do Instituto Municipal de Drogodependencias, así como, as súas Bases de Execución e o cadro de persoal comprensiva de todos os postos de traballo tanto funcionario coma laboral, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988.

Visto e coñecido o contido do informe de Intervención de data de 22 de decembro de 2016

Visto o Informe de Intervención de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria e da Regra de Gasto de data de 22 de decembro de 2016.

O Pleno da Corporación, por seis votos a favor (Grupo Socialista), seis votos en contra (Grupos do PP e de Esperta Monforte) e cinco abstencións (Grupo do BNG), adopta, co voto de calidade do Sr.Alcalde (do Grupo Socialista) tras unha segunda votación con idéntico resultado (art. 100.2 do ROF), o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Monforte de Lemos e o seu organismo autónomo Instituto Municipal de Drogodependencias para o exercicio económico 2017 xunto coas súas Bases de execución, que resumido por capítulos é o seguinte:

ESTADO DE CONSOLIDACIÓN ORZAMENTO 2017

GASTOS				
2017	ORZAMENTO DA CORPORACIÓN	ORZAMENTO INSTITUTO MUNICIPAL DROGODEPENDENCIAS	TRANSFERENCIAS A ELIMINAR	ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO
CAPITULO I	4.112.963,39	253.905,25		4.366.868,64
CAPITULO II	6.013.728,57	21.594,75		6.035.323,32
CAPITULO III	39.375,00			39.375,00
CAPITULO IV	990.788,85		275.500,00	715.288,86
CAPITULO V	0,00			0,00
TOTAL	11.156.855,81	275.500,00	275.500,00	11.156.855,81

*Pleno da Corporación
Sesión ordinaria do 26.12.2016*

CAPITULO VI	723.404,34			723.404,34
CAPITULO VII	206.977,89			206.977,89
CAPITULO VIII	6.000,00			6.000,00
CAPITULO IX	326.601,80			326.601,80
TOTAL	1.262.984,03	0,00	0,00	1.262.984,03
TOTAL XERAL CONSOLIDADO	12.419.839,84	275.500,00	275.500,00	12.419.839,84

INGRESOS				
2017	ORZAMENTO DA CORPORACIÓN	ORZAMENTO INSTITUTO MUNICIPAL DROGODEPENDENCIAS	TRANSFERENCIAS A ELIMINAR	ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO
CAPITULO I	4.951.149,12			4.951.149,12
CAPITULO II	80.000,00			80.000,00
CAPITULO III	2.063.133,26			2.063.133,26
CAPITULO IV	4.930.024,13	275.500,00	275.500,00	4.930.024,13
CAPITULO V	64.533,33			64.533,33
TOTAL	12.088.839,84	275.500,00	275.500,00	12.088.839,84
CAPITULO VI	0,00			0,00
CAPITULO VII	0,00			0,00
CAPITULO VIII	6.000,00			6.000,00
CAPITULO IX	325.000,00			325.000,00
TOTAL	331.000,00	0,00	0,00	331.000,00
TOTAL XERAL CONSOLIDADO	12.419.839,84	275.500,00	275.500,00	12.419.839,84

SEGUNDO. Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual.

TERCEIRO. Aprobar o teito de gasto de acordo coa Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sustentabilidade Financeira para o exercizo 2017 de acordo cos cálculos da regra de gasto :

LÍMITE DE GASTO COMPUTABLE FINAL CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS:	2,1%	10.024.485,21
LÍMITE DE GASTO COMPUTABLE ORGANISMO AUTÓNOMO: I.M.D.	2,1 %	273.010,14

CUARTO. Aprobar a masa salarial do persoal laboral do Concello, que ascende a 1.007.048,42 €, e do I.M. de Drogodependencias 170.612,41 €

QUINTO. Expor ao público o Orzamento Xeral para o 2017, as Bases de Execución e o cadro de persoal aprobados, por un prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín

Oficial da Provincia de Lugo e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

SEXTO. Considerar elevados a definitivos estes Acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.

SÉPTIMO. Remitir copia á Administración do Estado , así como, á Consellería de Facenda da Comunidade Autónoma.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que agradece públicamente o traballo da Interventora ao facer chegar o documento inicial e o modificado. Poder contar con esa información máis días, facilita o labor, houbo dilixencia e bo traballo. Imos votar en contra por telo así decidido nunha reunión polos motivos que fixemos públicos. Non compartimos outras formas de facer: falta de conversas previas para posible consenso sobre partidas.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que tamén agradece á Interventora o traballo realizado, co esforzo feito pola modificación habida. Os orzamentos son máis do mesmo. O ano pasado entendímolo, eran os primeiros orzamentos. Este ano esperábase outra cousa, algunha iniciativa, algunha idea de cidade. O Concello non o pode facer todo, pero pódense capitanear cousas. O orzamento aumenta a 12.419.000 euros. Nós propuxemos cando as Ordenanzas estímulo pola vía fiscal. Aquilo non se aceptou. Atopámonos con que os impostos soben, aínda que o IBI de urbana baixe. Aumentan as taxas, as multas e outros ingresos. Acreditamos unha maior dispoñibilidade económica por vía de tributos. Hai unha nova operación de crédito, outra vez como o ano pasado, este é un dos elementos que non nos gusta, non tanto pola operación, senón por seguir incrementando o gasto, por exemplo no plan de eliminación de vertidos sen que se determine o que levamos reiterando sobre as obras a cargo de Aqualia. En gastos de persoal, un policía pasa á segunda actividade, é necesario elaborar a RPT.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que se une aos agradecementos públicos ao servizo de Intervención. O noso Grupo vai permitir a aprobación destes orzamentos. Ao Alcalde dígolle que o vexa como unha oportunidade. Un goberno en minoría debe negociar antes, entregounos unha proposta non pechada pero non dialogada. O único interese que nos move é o dos cidadáns. Se non aprobamos o orzamento, moitas asociacións veranse prexudicadas. Recordo o Pleno de xullo de 2014, do que como o Alcalde non deixa escoitar a gravación, vou ler dous fragmentos do que el dicía. O que le refírese ao que dicía sobre informes que desmentían ao anterior Alcalde, criticaba que chamase aos clubs e que lle botase a culpa ao PSOE e ao PP, cando si se podía pagar co orzamento prorrogado. Agora, o 13 deste mes, cando se referiu ás dificultades que virían de non ter orzamentos, estíbese refirindo ás axudas que entón dicía que eran posibles. Reflexione sobre esta abstención como unha oportunidade. Nós presentamos unhas propostas que foron aceptadas na Comisión informativa, valorámolo pero non é un cheque en branco. Non nos parece xusto que a

ciudadanía pague polo comportamento do Alcalde. O ano pasado, houbo unha cuestión de confianza por non dialogar. O mesmo día que anunciamos que permitiríamos o orzamento, un cidadán díxome que hai quen ten sorte. A sorte hai que cultivala, senón pode rematar.

De Dna. Gloria Prada Rodríguez, portavoz suplente do Grupo Socialista, que di que presentaron en tempo e forma o orzamento. O proxecto foi enviado con tempo suficiente aos Grupos da oposición, por primeira vez con 15 días de antelación. Os ingresos son 12.419.839,84 €, cun incremento do 1%. O IBI baixa polo paso do solo urbanizable a rústico, 109.000 euros menos, e outro tanto a devolver por 2016, en total 218.000 euros menos. Polas fincas rústicas aumenta, pero sen incremento do IBI en termos xerais. Nas áreas de gasto, hai incremento do gasto social, 50.000 euros máis na axuda a domicilio –un 6%–, un 42,8% en emerxencia social, mantéñense 25.000 euros para pobreza enerxética, cantidade que non se esgotou en 2016. Hai 24.000 euros para asociacións e a mesma cantidade en drogodependencias. Para o bus universitario, hai un aumento do 33%. Para as festas patronais prevese a mesma cantidade que en 2016, o mesmo tamén para as das parroquias. En Deportes, hai 15.000 euros máis en actividades, polos xogos do Eixo Atlántico, aumentan as subvencións para clubs deportivos e figura unha nova partida de 5.000 euros para deportistas individuais. Nova partida tamén de material para a Policía Local. 9.500 euros máis para o transporte urbano. Un 3% máis para actividades culturais. Hai 134.000 euros para o convenio a asinar para o Plan de redución de vertidos. Mantemos as subvencións nominativas de 2016 e tamén 8.000 euros para o museo ferroviario. Os gastos postais baixan en 20.000 euros, un 40% menos, e os da empresa de recadación en 37.000 euros, un 18,78% menos. Hai un esforzo importante para investimentos. Prevese convenios con Cáritas, coas sociedades recreativas, con Semente Monforte, coa Asociación de praceiros, coa Delegación de hostalaría.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que xa dixeron o ano pasado que 180.000 euros é excesivo para as festas patronais. Ademais, solicitamos as facturas e atopamos que se gastaran 248.301 euros. É importante iso, pero poderíase facer doutra maneira. O orzamento non ten sentido estratéxico nin proxecto de futuro. No ano 2012, o actual Alcalde pedía explicacións sobre os vertidos e as multas por contaminación. Temos a estas alturas que facer esas mesmas preguntas. Esa persoa, agora no goberno, non actúa como expuxo cando era Concelleiro. Hai continuismo nas partidas, botamos de menos outras partidas.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que retoma a necesidade de elaborar a RPT. Temos gastado moitos cartos e non hai RPT. Está en situación irregular o persoal temporal, segundo advertencias de Intervención. No gasto corrente, non é que se revisen contratos, o que se fai é encarecelos. Hai unha diferenza de criterios sobre contratos e hai sistemáticos reparos de Intervención sobre algúns deles. Nas transferencias correntes, non se establece ningún tipo de retorno nos convenios. O incremento do orzamento é pola carga fiscal e pola transferencia da Xunta en materia social. Respecto ás partidas acordadas co BNG, non cremos que resulte así un orzamento adecuado para a cidade. Seguimos nunha dinámica que nós non apoiamos.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que non son estes os seus orzamentos, votarían a favor nese caso. Permitimos a aprobación por tres razóns: polos intereses da xente, por non compartir o comportamento do actual Alcalde en 2014 e polas propostas de actuación positivas en creación de emprego, en benestar social e en investimento. Para o emprego, os recursos son escasos pero é fundamental que empece. En benestar social, hai necesidade de prazas de gardería, é insuficiente o cheque bebé que a Xunta concedeu, fíxoo neste ano electoral, non en 2015. Esas dúas partidas aumentarían, se fose necesario. En investimento, o modelo de cidade non é asfaltar, é accesibilidade, rúas máis cómodas, cidade máis atractiva. Dille á Dna Gloria Prada que no gasto social tamén conta a Xunta de Galicia.

De Dna. Gloria Prada Rodríguez, que lle di a Esperta Monforte que si houbo diálogo. Estou esperando algunha iniciativa. O río non é competencia municipal. Lamento o non apoio. Dille ao PP que non confunda á cidadanía, non soben as taxas nin os impostos, recádase mellor; non subimos as Ordenanzas, baixamos algunha. No gasto corrente, non estamos de acordo cos recortes que fai o goberno central. Lamento tamén o non apoio. Dille ao BNG que agradece o acordo para que os orzamentos saian adiante. Son uns bos orzamentos, son novidosos, sociais e investidores.

3. ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DE INSTITUCIÓN PENITENCIARIAS E A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEMP) E OS CONCELLOS QUE SE ADHIRAN, PARA O CUMPRIMENTO DE PENAS DE TRABALLO EN BENEFICIO DA COMUNIDADE.

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame, acórdase o seguinte:

“A FEMP ten remitido ao Concello –a última vez en outubro pasado- o convenio que ten subscrito coa Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias para cumprimento de penas de traballo en beneficio da comunidade nos Concellos que se adhiran.

De xeito fáctico, iso estase producindo –o de cumprir ese tipo de penas neste Concello-, pero os organismos responsables teñen requirido a formalización do Convenio. O procedemento será o seguinte:

- Remisión á FEMP do acordo do Pleno, do Protocolo de Adhesión ao Convenio e do Anexo de prazas ofertadas.
- A FEMP enviará logo ao Concello o Convenio unilateral asinado polo Secretario Xeral de Institucións Penitenciarias.
- A FEMP remitirá a información sobre as prazas ofertadas polo Concello así como o Protocolo de Adhesión á Subdirección Xeral de Penas e Medidas Alternativas. Dende a recepción por parte da Subdirección Xeral das prazas ofertadas, o Concello estará en disposición de admitir ás persoas que vaian realizar traballos en beneficio da comunidade, no marco e ao abeiro do Convenio, e non de forma fáctica como ata agora.

En consecuencia, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

Adherir o Concello de Monforte de Lemos ao *CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DE INSTITUCIÓNS PENITENCIARIAS E A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEMP) PARA O CUMPRIMENTO DE PENAS DE TRABALLO EN BENEFICIO DA COMUNIDADE*, aceptando tódalas súas cláusulas e condicións, para cuxa execución oferta tres prazas en Medio Ambiente e tres prazas en Obras.”

(Non houbo intervencións neste asunto).

4. ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A IMPLANTACIÓN DA HISTORIA SOCIAL ÚNICA ELECTRÓNICA NAS ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame, acórdase o seguinte:

“A Xunta de Galicia e a FEGAMP asinaron o 11 de novembro de 2016 un convenio para implantar nas entidades locais galegas unha historia social única electrónica.

A historia social é documentación propia dos servizos sociais municipais, e independentemente dos trámites posteriores que procedan para que se poida ter de xeito efectivo no formato electrónico que prevé o convenio, convén que o Concello se adhira canto antes a este. Para iso, cómpre remitir á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia o acordo que se propón e o protocolo de adhesión que figura como Anexo I do Convenio.

En consecuencia, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

Adherir o Concello de Monforte de Lemos ao *CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A IMPLANTACIÓN DA HISTORIA SOCIAL ÚNICA ELECTRÓNICA NAS ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.*”

(Non houbo intervencións neste asunto).

5. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE O REINVESTIMENTO DO SUPERÁVIT.

(No debate deste asunto, auséntase e reincorpórase D. Iban Torres Rodríguez).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A "Ley Orgánica de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera" (LOEPSF) recolle as tres regras fiscais de abrigado cumprimento: estabilidade orzamentaria, débeda pública e regra de gasto.

O artigo 11.4 da LOPESF sinala que "as Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario", mentres que o art. 32, referido ó destino do superávit, sinala que "éste se destinará a reduci-lo nivel de endebedamento".

A Ley 9/2013 de débeda comercial, modificou a lei para permitir ós Concellos que cumprisen unha serie de requisitos, destinar o superávit a inversión financeiramente sostibles, unha definición de inversión que recolleu o Decreto-Ley 2/2014, de 21 de Febreiro na súa Disposición Adicional 16. Estas excepcións en ningún caso deron satisfacción ás demandas municipais pesto que as condicións para poder acollerse á medida eran importantes: ter que rexistrar superávit orzamentario e remanente de tesourería, que houberan pagado antes as débedas pendentes con provedores para cumprir coa lei de morosidade e destinar o sobran-te a amortizar a débeda.

Ó longo destes anos esta situación trouxo consigo unha paradoxa: os concellos son a única administración en superávit, están saneados e cumpren os seus obxetivos pero non poden invertir ese aforro.

Nestos momentos a administración local convertiuse na administración máis cumpridora cos obxetivos marcados: a débeda local xa chegou neste ano ós obxetivos do 3% fixados para 2020, con catre anos de adianto; o superávit das Entidades Locais, aporta ó cómputo total de España medio punto do PIB e tamén cumpre co teito de gasto e paga en prazo ós seus provedores.

Por elo, é ineludible que o Goberno atenda as demandas do conxunto dos concellos, e tal e como plantexou a FEMP na reunión da Comisión Nacional da Administración Local (CNAL) do pasado día 30, lles permita utilizar o superávit, que este ano ronda os 4.500 millóns de euros.

Chegou a hora de que o Goberno escoite, e sexa sensible ás reivindicacións dos Concellos, coas demandas xustas, razonables e necesarias que presentamos para seguir poñendo os intereses dos veciños por diante de calquera outro, e continuar levando a cabo inversión, desenvolvemento e fortalecemento do Estado do Benestar.

Os gobernos locais son a administración máis cercana ós cidadáns, e máis nestos momentos de crise, o Goberno non debe poñer trabas á súa laboura na prestación de servizos públicos de calidade.

Por todo elo, o Pleno Municipal por doce votos a favor (Grupos Socialista, do BNG e de Esperta Monforte) e cinco abstencións (Grupo do PP), adopta o seguinte

ACORDO

Instar ó Goberno de España a:

Permitir que as entidades locais reinvertan o seu superávit en 2017, sen necesidade de xerar novos ingresos polo mesmo importe, a través dunha autorización legal para esa reinversión que surxa da prórroga orzamentaria dos Orzamentos Xerais do Estado.

Remitir o acordo do Pleno a:

- Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas.
- Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP).
- Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP).”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que pregunta sobre a situación a respecto disto do noso Concello.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que estas medidas no seu momento permitiron oxíxeno económico. Podemos entender esta demanda. Estas medidas contribuíron a evitar irregularidades. A FEMP está tratando de que isto se modifique. Ímonos abster porque é unha normativa que existe, que permitiu o saneamento económico, e á espera do que agora resulte.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di que están a favor, que xa o sufriron eles cando estaban gobernando. É unha medida inxusta, por Concellos como Madrid ou Valencia, mal xestionados, fíxose “tabula rasa” para todos, aínda para os que estivesen saneados con anterioridade.

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que lle di á portavoz de Esperta Monforte que o Concello de Monforte de Lemos ten unha situación económica boa. Hai un remanente positivo, que xa vén do anterior mandato. A débeda debe andar polo 13%, moi baixa, a lei permite ata o 110%. Monforte si podería investir remanentes se fose autorizado. A regra de gasto é inxusta, impide un orzamento expansivo. Non é xusto cos Concellos non endebedados. A FEMP está negociando co Ministerio de Hacienda, a ver se pedíndoo os Concellos do país, abre un pouco a man.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que está a favor, co compromiso de se isto vai adiante, o remanente sexa ben utilizado en finalidade social.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que foron medidas que fixeron entrar en razón -aquí houbo un Plan de axuste-, que permitiron controlar déficits incontrolados e xerar agora superávits. Non foi un estrangulamento, senón unha racionalización.

De Dna. Pilar López Martínez, que lle di á anterior interveniente que o Plan de axuste non ten que ver con isto, senón co pago a provedores; recórdalle que en 2003 nin papel hixiénico nos vendían, porque non se pagaban facturas. Dille ao Alcalde que cando colleu o goberno había un Remanente de Tesourería de 484.000 euros, tamén era bo o Resultado Orzamentario e o Período Medio de Pago. Oxalá tivesemos atopado iso en 2003. A favor da moción.

Do Sr. Alcalde, que lle di ao PP que racionalizar parece que significa recortar, como en sanidade, bolsas de estudos, etc. Quere disimulalo, fai ben, defende ao goberno de Rajoy, pero non queira enganarnos, como no do aumento das taxas, cando a taxa é a mesma; hai incremento de recadación, non de taxas. Dille ao BNG que efectivamente era boa a situación económica cando chegou á Alcaldía.

6. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE OBRAS DE RENOVACIÓN DA REDE OU INSTALACIÓNS DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO, QUE LLE CORRESPONDA ASUMIR A AQUALIA.

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse Dna. Gloria Prada Rodríguez e Dna. Pilar Espinosa Novelle).

Polo Sr. Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

1.- E coñecida a existencia dun informe da Técnica de Servizos no que se refería as obrigas da concesionaria Aqualia, en cuanto ao mantemento do servizo e as melloras comprometidas, a resultas do establecido nos arts. 25 e 26 do prego de condicións.

Así o art. 25 sinala: *“las obras e instalaciones que reciba el concesionario deben adecuarse en cada momento a las exigencias que implique la correcta prestación y gestión del servicio, corriendo a expensas del concesionario cuantos gastos se deriven de dicha adecuación”*

E o art. 26.4, cando sinala: *“Las obras de mantenimiento y conservación de conducciones e instalaciones, así como las de renovación y/o sustitución de conducciones e instalaciones deterioradas o averiadas serán del cuenta del concesionario”*

2.- En relación á obra de renovación das conduccións nas rúas Irmáns Dapena, Corredoira e José de Garabantes, a Sra. Interventora, emitiu informe de fiscalización en data 19.11.2015, que sinala *“debería incorporarse ao expediente informe técnico relativo a si a obra que se licita pode estar no ámbito do obxecto do contrato de concesión para a xestión da auga potable e depuración suscrito con Aqualia S.A., que*

inclue o mantemento das conduccións como unha das obrigas desta empresa, dado que se trata dunha reposición das conduccións previamente existentes, polo tanto sería esta mercantil quen debería executar as obras ou de ser o caso, repercutirlle o coste da mesma"

En data 29.1.2016, a Enxeñeira Técnico Industrial deste Concello, emitiu informe sinalando "visto que nas rúas *Irmáns Dapena, Corredoira e José de Garabantes* as contínuas roturas da tubería non posibilitan a correcta prestación do servizo, as obras de renovación da instalación, según o art. 26 do contrato deberán ser por conta do concesionario"

3.- Con arreglo ao sinalado nestes informes, as obras de renovación das conduccións que son consecuencia das contínuas roturas das tuberías, que impiden a correcta prestación do servizo, a fin de garantila, deberán ser por conta da concesionaria.

4.- Non é a primeira vez que o Concello asume o custe de obras, que con arreglo ao exposto, estarían dentro do marco das obrigas da concesionaria, sin que se lle teña formulado reclamación algunha.

Este grupo municipal elevou ao pleno da Corporación una moción aprobada por unanimidade en abril de 2016 para que se elaborase un informe a fin de determinar as obras de renovación da rede ou instalacións de abastecemento e saneamento que foran indebidamente asumidas polo Concello nos últimos anos por traer causa das contínuas roturas que imposibilitaban a correcta prestación do servizo. Da mesma forma, se interesaba que se analizaran as obras que aínda sendo financiadas por Aqualia poideran ser consideradas de reposición ou renovación e non de investimento. Tamén se acordaba que unha vez determinadas esas obras se iniciasen os expedientes procedentes a fin de repercutirlle á Concesionaria os custes procedentes.

Nada se ten feito nese sentido dende abril, e mesmo, en contra do acordado, se ten proposto polo equipo de goberno un acordo coa concesionaria que incluía compensar como inversión, obras que eran de renovación.

5.- Da información da que dispón este grupo sobre os orzamentos do 2017, resulta que se van acometer obras na rede de saneamento, no marco do plan de eliminación de verquidos presentado polo Concello ante a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, con cargo aos ditos orzamentos municipais.

Este grupo, tratou infrutuosamente, de que se elaborara informe a fin de determinar as obras de renovación que, teñan sido indebidamente soportadas polo Concello, a fin de iniciar os expedientes de restitución que sexan procedentes.

A vista de que se van acometer novas obras con cargo os orzamentos municipais, que poden ser consecuencia do incumprimento das obrigas de mantemento e conservación mínimas que precisaría a rede, ao longo destes anos, e por tanto, tratarse de obras de renovación ou substitución de conduccións e instalacións, é que interesamos novamente, que, polos servizos técnicos municipais se elabore informe a fin de:

- determinar as obras de renovación da rede ou instalacións de abastecemento e saneamento, que nos últimos anos foran indebidamente asumidas polo Concello, por traer causa das contínuas roturas que imposibilitaban a correcta prestación do servizo,

- determinar si as obras que se están a orzamentar relativas a actuacións sobre as conduccións e instalación de saneamento, poden estar no marco das obrigas da concesionaria, e nese caso, se siga o procedemento necesario ao fin de que tales obras sexan asumidas por Aqualia, na medida que lle corresponda.

Polo exposto, o Pleno da Corporación, por once votos a favor (Grupos do PP, do BNG e de Esperta Monforte) e seis votos en contra (Grupo Socialista), adopta o seguinte

ACORDO

INSTAR O EQUIPO DE GOBERNO:

1-A dar cumprimento ao acordó plenario tomado a instancia do Partido Popular no pleno de 25.4.2016, a fin de determinar as obras de renovación da rede ou instalacións de abastecemento e saneamento, que nos últimos anos foran indebidamente asumidas polo Concello, por traer causa das contínuas roturas que imposibilitaban a correcta prestación do servico; e aquelas que sendo asumidas por Aqualia poidan ser consideradas de reposición ou renovación e non de investimento. E se inicien os expedientes procedentes de repercusión á concesionaria.

2.-Respecto das obras que se están a orzamentar, se determine si se atopan no marco das obrigas contractuais que lle corresponde asumir á concesionaria, procedendo nese caso, como se ten acordado no pleno indicado e se reproduce no apartado anterior, en relación as obras que se vaian a efectuar.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que ten que ver co orzamento, porque se poida asumir o que lle corresponde a Aqualia. Se hai incremento de ingresos, sae do bolso dos monfortinos. Continúa cunha exposición similar ao que figura no texto da moción, que remata cos puntos que se instan nela. Estaríamos noutro caso incumprindo as obrigas sobre o uso dos recursos do Concello.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que é un tema recorrente. Xa dixemos no Pleno dos créditos para as obras nas rúas que se mirase o reingreso por Aqualia. Estamos ante actuacións no mesmo camiño. Adianto que igual que calquera obrigas de contratos, o voto vai ser a favor. Dille a Dna. Gloria Prada que sabe que o do río non é do Concello, pero a depuración, que si é municipal, incide no río.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di que están a favor. Na rúa Corredoira, foi unha moción do BNG a que deu lugar a que a empresa asuma o custo. Sobre obras do pasado, non había informes en contra dos técnicos municipais, pero non hai inconveniente en que se volva sobre iso. Canto máis claras as contas, moitísimo mellor. Respecto ao orzamento deste ano, se hai advertencia de que non corresponde facer as obras, non se deberán facer. Se hai obras do pasado que lle corresponden á empresa concesionaria, reclamálas.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que lle di á portavoz do PP que é especialista en crear problemas. Nós intentamos solucionarlos, incluídos os herdados do PP. Cre que atopou un filón no de Aqualia. O PP creou un problema que 15 anos despois segue coleando. Este equipo de goberno intenta solucionar, o informe da Deputación é o que vostede pedía. Vostede utilízao como arma arroxadiza sen ver as consecuencias. Fala de obras asumidas polo anterior goberno, como non queira pedir responsabilidades. Non viu no orzamento o convenio no que falta a Xunta, aí podía axudar. Só pretende prexudicar ao Grupo de goberno, pero é aos cidadáns aos que di representar.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que debe ser que a pinza cambiou, porque ela crea os problemas, segundo o Sr. Torres. Parto de que non ten nin idea do contrato de Aqualia. Remontarse no tempo para todo non é bo. Estaba o Sr. Torres cando a proposta de acordo descontando 700.000 euros á empresa? O PP formalizou un contrato, que hai que facer cumprir. O BNG tivo a intención ao principio, o actual goberno nin iso, formularon un acordo prexudicial para o Concello. Votan en contra de coñecer isto e din que defenden os intereses de Monforte. A ver se se aclaran. Non coñece o contrato e as súas vicisitudes, por iso di o que di.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que xa anunciou o voto a favor. Pero que non esqueza Dna. Julia Rodríguez que o PP tampouco está exento de responsabilidade. Para todo o que se poida mirar que se cumpra, o noso respaldo.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que están a favor, non teñen nada que ocultar. Se hai investimento recoñecido mal recoñecido, que se proceda en consecuencia. Sobre o cambio de pinza, esta moción ímola aprobar, a nosa pinza é só cos intereses da cidade, coa total responsabilidade que sempre nos caracterizou.

De D. Iban Torres Rodríguez, que di que á portavoz do PP incomódalle que a nai do cordeiro disto vén do Partido Popular. Asómbrame a capacidade de manipular. Insisto no do filón: nunca quixo arranxar o problema de Aqualia, só utilízalo como arma arroxadiza. É unha pertinaz insistencia como en todo o anterior mandato. Cando o PP ten bos resultados, non hai aquí paralelismo con eles, quizais pola forma de facer oposición. Non aprende da realidade de Aqualia e segue cinco anos coa mesma argumentación. Pode facer algo vostede dende a Xunta de Galicia? Por que non o fai? Lémbreme o do escorpión que ía sobre a ra. O que fan os demais, está mal por ser dos demais.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di sobre a pinza que se lle está indo un pouco ao anterior interveniente. A xente sabe o problema dos vertidos, a perda da oferta e máis cousas. Repróchame que estea cinco anos con este tema, é que non é importante? Cando lea o contrato e vexa se se cumpriu, cóntemo. Tivemos un equipo de goberno que non o activou –o actual Alcalde tamén foi nel Tenente de Alcalde–, do PP só é ano e medio. Lea as actas da Comisión de Investigación sobre a correcta tramitación administrativa do contrato, a perda da oferta, etc. De momento, o que estamos vendo é que se quixo facer borrón e conta nova. Dille a Esperta Monforte que non é nada ano e medio

comparado co que veu despois. Vén a dicirme o portavoz socialista que pare por ter cinco concelleiros por seis deles, tampouco é para tanto.

MOCIÓNS E ASUNTOS DE URXENCIA.

Segundo o previsto no art.91.4 do ROF, por ser esta unha sesión ordinaria, o Pleno acorda, por unanimidade, incluír os seguintes asuntos:

A) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA SOLICITARLLE Á XUNTA DE GALICIA A CREACIÓN DUNHA ROTONDA NA RONDA MARÍA EMILIA CASAS BAAMONDE COA RÚA CORREDOIRA Á ALTURA DO CRUCE DO HOSPITAL COMARCAL DE MONFORTE.

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente – tamén por urxencia- pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame –tendo en conta o título e texto remitido polo Grupo proponente para adecuarse a el- e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“Como é sabido por todos e todas, a Ronda María Emilia Casas Baamonde é de titularidade autonómica polo que, calquera actuación sobre ela, debería de ser por conta da propia Xunta de Galicia. Esta estrada cada vez soporta máis tráfico debido á apertura do corredor de Altas Capacidades Monforte-Lugo xa que os vehículos que entran á nosa cidade tanto de Chantada como de Lugo, fano a través da rúa Chantada ou a da Feira, ademais do importante número de vehículos que diariamente se desprazan ata o Hospital Comarcal.

Ao noso entender, a sinalización viaria marcada na propia Ronda, no cruce da rúa Corredoira é deficitaria ou, cando menos, dificulta a saída da rúa Corredoira cara a Rotonda do Hórreo ou dende a rúa da feira cara ao Hospital. De feito, con moita frecuencia se producen choques entre diversos vehículos neste punto.

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, por doce votos a favor (Grupos do BNG, Socialista e de Esperta Monforte) e cinco abstencións (Grupo do PP), adopta o seguinte

ACORDO

Esixirle ao equipo de goberno que se dirixa á Xunta de Galicia, como propietaria da titularidade da Ronda María Emilia Casas Baamonde, para solicitarlle a creación dunha rotonda nesta rúa no cruce coa rúa Corredoira, (de entrada ao Hospital comarcal de Monforte), para así evitar os continuos choques de vehículos que con demasiada frecuencia se veñen producindo e, asemade, facilitar o tráfico nesta zona.”

(Esta moción vai acompañada dunha imaxe do lugar tomada de Google Earth).

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di que a rotonda foi concretada na Comisión informativa. Le a moción. Sobre a emenda que presenta o PP – que le e cuxo texto figura máis adiante-, igual que a Xunta non nos pediu opinión sobre dúas rotondas na rúa Chantada, non será moito esforzo que faga a rotonda que se pide.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que efectivamente hai problemas na saída do hospital. A necesidade está aí. Votamos a favor.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que presentan unha emenda de substitución, porque no plano que vén coa moción vese outro cruce con máis tráfico do que hai onde se pide a rotonda, de feito primeiro entendimos que era para ese outro cruce. Coincidimos no da seguridade na Ronda. A emenda di o seguinte: *“Instar á Xunta de Galicia: a facer un estudo e atopar as medidas máis oportunas para mellorar e garantir a seguridade na Ronda María Emilia Casas Baamonde, e particularmente, nos cruces da súa confluencia coas Rúas Corredoira e Abeledos”*. A actuación na rúa Chantada foi para reducir velocidade por accidentes habidos, mesmo mortais. A mesma razón para o firme e estacionamento na rúa Francisco Moure, a seguridade do tráfico. Seguridade na Ronda, si, pero non compartimos a rotonda onde se di, porque o outro cruce é máis complicado. Se se acepta a emenda, encantados. Se non, non apoiamos a moción, porque non é o punto máis conflitivo, hai que mirar o máis axeitado tecnicamente en seguridade vial, tal vez a actuación máis idónea non sexa a que se formula. Estamos dispostos a un texto transaccional, pero non aos termos presentados.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di lle di á portavoz do PP que cando di que un tema está esgotado, non se refire ao tema en si, senón ao seu uso como instrumento de desgaste. Son moitos os xiros neste lugar da moción e grande o perigo de colisión. É correcto o que se propón, unha rotonda na Ronda. O voto é favorable.

De Dna. Pilar López Martínez, que lle di á portavoz do PP que non son técnicas en tráfico, pero sería un retroceso poñer semáforos nesta zona, a tendencia actual é a rotonda, se hai espazo para ela. Non nos opoñemos a que a Xunta faga máis rotondas. Acepto a emenda se é de engádega para o outro cruce, pero non se é de substitución. Hai máis tráfico na rúa Corredoira que na rúa Abeledos, porque é a de entrada e saída do hospital. Se se fai unha engádega para Abeledos, vale, pero non se é substituír, porque iso atrasaría a solución. Está tamén a sinalización viaria, antes había incorporación, agora non pode un vehículo situarse no cruce.

De Dna. Maribel García Díaz, que ratifica o seu voto a favor.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que agradece ao Sr.Torres que se preocupe por ela, pero non vai abandonar o tema de Aqualia, iría contra a súa coherencia persoal. Non me encolerizo, pero é grave o desa empresa. Dille á portavoz do BNG que ela non dixo semáforo, porque non vai ser ela quen decida tecnicamente. Trátase de determinar o mellor mecanismo para a seguridade. Atrasar a solución? Se os técnicos non ven o da

rotonda, tampouco se adianta co que se propón. O texto do PP é moi aberto para a Ronda de María Emilia Casas Baamonde. Se non se acepta a emenda, abstémonos.

De D. Iban Torres Rodríguez, que di que cren que a solución que se pide é a máis axustada. Ten funcionado na rotonda do hórreo.

De Dna. Pilar López Martínez, que lle di á portavoz do PP que non lle compare o semáforo onde o Colexio Novo con isto. Xa que di que dá igual, seguimos mantendo o texto. Se o do outro cruce é engádega, si; se non, queda así a moción.

**B) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE ESPERTA MONFORTE
RELATIVA Á RESTITUCIÓN DO ACCESO UNIVERSAL AO SISTEMA
NACIONAL DE SAÚDE.**

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse Dna. Pilar López Martínez e Dna. Gloria Prada Rodríguez).

En base á moción presentada, tralo seu debate, acórdase o seguinte:

“Exposición de Motivos.

O dereito á saúde queda recollido na Constitución española no seu artigo 43, capítulo terceiro (“Dos principios reitores da política social e económica”). A sanidade é unha das competencias que poden ser delegadas ás comunidades autónomas, e son varios os Estatutos de Autonomía que recollen o principio de universalidade do acceso á atención sanitaria.

O Consello de Ministros aprobou o 20 de abril de 2012 o Real Decreto-lei 16/2012 *de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións*, polo que se puxo a andar unha reforma estrutural do Sistema Nacional de Saúde. Con data de 4 de agosto de 2012, publicouse o Real Decreto 1192/2012 que desenvolve os requisitos e condicións das figuras de persoas aseguradas e beneficiarias do Sistema Nacional de Saúde.

Esta disposición supuxo unha transformación profunda do noso sistema sanitario. Por unha banda, reduciu a carteira básica de servizos, reducindo a achega pública sobre medicamentos, prestacións e recursos sanitarios, co conseguinte incremento do gasto para as familias. Por outra banda, modificouse o dereito de acceso ao SNS, supeditando o mesmo á condición de “asegurado” ou “beneficiario. Desta forma, a nova lexislación rompeu co principio fundamental de Universalidade do Sistema Nacional de Saúde. Os efectos desta medida teñen sido devastadores sobre a poboación máis vulnerábel, tal como foi documentado ao largo dos últimos anos por diversas organizacións sociais. Algúns informes recentes advirten dos numerosos casos en todo o territorio español de persoas que viron vulnerado o seu dereito humano á saúde, como consecuencia da exclusión sanitaria. Neste senso a área sanitaria de Galicia non é unha excepción en son múltiples os casos de vulneración que nos reportan as organizacións sociais.

Xa dende o momento da súa aprobación o RDL 16/2012 foi contestado dende algunhas autonomías, que rexeitaron a súa aplicación ou proveron mecanismos para evitar que as persoas en situación irregular, fican totalmente fóra do sistema sanitario. Paulatinamente, ao longo de 2015, varios gobernos autonómicos aprobaron Decretos, Instrucións e Ordes que ampliaban substancialmente o acceso ao sistema por parte destas persoas. Estas medidas, aínda que positivas, non foron suficientes para revertir as consecuencias da exclusión sanitaria imposta polo Real Decreto-lei 16/2012.

En vista da situación anteriormente descrita, faise evidente que o fin definitivo da exclusión sanitaria e a restitución dun sistema sanitario verdadeiramente universal só poden chegar a través dunha modificación lexislativa de alcance nacional.

En relación a todo o exposto, o Pleno, por doce votos a favor (Grupos de Esperta Monforte, Socialista e do BNG) e cinco votos en contra (Grupo do PP), adopta o seguinte

ACORDO

Instar á XUNTA de GALICIA Á:

1. NON APLICACIÓN DO RDL 16/2012 NO TERRITORIO GALEGO.
2. SOLICITAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A DERROGACIÓN DO RDL 16/2012.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que le a moción.

De D. Emilio Iván Vázquez Rodríguez, portavoz suplente do Grupo do PP, que di que o Real Decreto-lei 16/2012 foi unha reforma do sistema sanitaria para a súa solvencia e garantía de futuro. Faise fincapé na carencia de asistencia médica a persoas estranxeiras, pero estas, segundo o artigo 3, teñen asistencia sanitaria de urxencia, para partos e se son menores de 18 anos. En Galicia, en 2012, programáronse medidas para atendelas, cuns requisitos de residencia estable en Galicia -183 días empadroados- e un salario inferior ao IPREM. Foron medidas semellantes a doutros países naquel momento. Os recursos son limitados e os custos elevados, hai que equilibrar entre quen contribúen ao sistema e quen non, que tamén teñen os seus dereitos. Non se xustifica a demagogia. O equilibrio é necesario, por iso imos votar en contra dos puntos que se propoñen.

De Dna. Alicia Cadarso Palau, portavoz suplente do Grupo do BNG, que di que este Decreto de 2012 seica foi pola crise económica, pero segundo o goberno a economía vai ben no macroeconómico, polo tanto as medidas de momentos de agobio e segundo directrices europeas, poden agora revertir. Pensamos no BNG que a sanidade debe ser sostible. Tampouco debe haber demagogias dende o outro lado: hai un sector da poboación que está por que non se axude aos inmigrantes, pero é que tamén afecta a outras persoas. Logo está o caso dos ingleses que viñan poñer próteses e a outras

cousas, e non se lles repercutiu o custo. Temos unha moción semellante que xa non presentamos e apoiamos esta.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que o sistema sanitario debe ser público, universal e de calidade. Foi o goberno de Felipe González o que universalizou a sanidade. Estamos en contra dos recortes, particularmente na sanidade, como ten feito o goberno do PP. Estamos en contra dos efectos negativos do Real Decreto-lei, o voto é favorable.

De Dna. Maribel García Díaz, que lle di ao interviniente polo PP que lamenta que lle tocasse a el defender unha posición na que non o asesoraron ben. Eu miro moito o gasto no hospital, en gasas ou luz, por exemplo, son consciente diso, pero hai evidencias que non se poden negar, este Real Decreto-lei sacou fármacos do sistema, para os inmigrantes con asistencia en urxencias esquecese que a continuación non teñen recursos para o tratamento farmacolóxico que se lles poña. Pregunten nas farmacias: moitas persoas xa non pasan a recoller os fármacos.

De D. Emilio Iván Vázquez Rodríguez, que di que este Real Decreto-lei conseguiu o obxectivo de que o sistema seguise funcionando. Di Esperta Monforte que hai tratamentos en precario, entendo que son iguais a outros, a compañeira farmacéutica dime que sen recursos non se pagan medicamentos. É un debate complexo e unha competencia que non é nosa.

De Dna. Alicia Cadarso Palau, que di que o déficit de asistencia á poboación inmigrante máis o déficit de atención a persoas sen medios económicos mesmo para pequenas aportacións, ten graves consecuencias, enfermidades que se transmiten, por exemplo. Reflexionen, o meu Grupo vai votar a favor; no seu nome, quero felicitar a todos o novo ano.

De D. Iban Torres Rodríguez, que di que están a favor, renunciando á segunda quenda.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que o que quixo dicir antes é que ás veces o diagnóstico ten un tratamento máis longo, que non se soluciona cunha urxencia. Nas farmacias hai que pagar, non son entidades benéficas. Sobre a competencia, aquí pídesse á Xunta e ao goberno de España. Xustifícanse coa crise, cando o gasto sobre o PIB era menor á media europea. É o caso do que fixo Thatcher, que foi tan malo, que un primeiro ministro posterior pediu desculpas. Unha soa enfermidade infecciosa é máis cara que todo isto, ten razón Alicia Cadarso.

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

- 7. DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se dá conta: 21.11.2016 a 16.12.2016. (E de Resolucións do 4, do 15 e do 17 de novembro de 2016, pendentas deste trámite).**

O Sr.Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, dá conta de Resolucíons adoptadas no período comprendido entre o 21 de novembro e o 16 de decembro de 2016, así como de Resolucíons do 4, do 15 e do 17 de outubro de 2016, pendentes deste trámite.

8. INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (de 21.11.2016, 28.11.2016 e dúas de 12.12.2016) QUE LEVANTAN REPAROS DE INTERVENCIÓN (art. 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucíons que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

9. ROGOS E PREGUNTAS.

1º) PREGUNTA DO GRUPO DE ESPERTA MONFORTE, PRESENTADA POR REXISTRO O DÍA 23 DE DECEMBRO DE 2016:

“Exposición de motivos.

Con data 14 de novembro de 2016 en Xunta de Goberno Local adoptou un acordo sobre a adxudicación de contrato de alugueiro , instalación e decoración da iluminación do Nadal 2016-2017, co número de expediente 053-SUBMen16 e que posteriormente se publica na web municipal o certificado de adxudicación á empresa Benjamín Fernández Vázquez, Iluminaciones Fernández por importe de 17.000,50€ (IVE incluído) mediante contrato menor.

Neste acordo recóllese que con data 4 de novembro do presente ano, tamén se formula unha Providencia de Alcaldía o día 4 de novembro xustificando a necesidade da contratación antes sinalada.

Ademais faise constar no apartado 5º unha advertencia do servizo de Secretaría que transcribimos a continuación:

“Tratándose dunha prestación que se vén reiterando de xeito continuado no tempo e cuxa adxudicación se vén efectuando a medio de contrato menor, dende este servizo de contratación, cómpre advertir que a subscripción de contratos menores sucesivos para a adquisición de bens ou servizos que se requiran repetidamente, por responder a necesidades de carácter recorrente, periódico ou permanente, pode non ser o mecanismo máis axeitado e máis conforme coa normativa en materia de contratación pública para cubrir este tipo de necesidades, e , incluso, pode chegar a ser contrario a aquela normativa, segundo as circunstancias concorrentes en cada caso....”

Por todo o anterior a voceira do Esperta Monforte formula as seguintes preguntas:

1. Como é que os arcos de decoración e de iluminación de Nadal están colocados, case na súa maioría, o día 2 de novembro de 2016 se o contrato se adxudica na Xunta de Goberno Local 12 días despois?
2. Como pode ser posible que se instalen antes de manifestar a necesidade de contratación o día 4 de novembro de 2016?
3. Acaso xa sabía que empresa ía saír adxudicataria antes de proceder á súa contratación?
4. Por que a pesar de existir unha advertencia de Secretaría sobre a posible irregularidade deste contrato, vostede continúa con este procedemento?
5. Ademais dos 17.000,50€ desta adxudicación, paga este Concello por este concepto algunha outra factura a través dalgunha Asociación Monfortina?"

Resposta do Sr.Alcalde:

En relación coa advertencia de Secretaría, di "*pode non ser...*"; outras consultas que fixen di que si pode, non se pode condicionar a iluminación de anos futuros.

Foi contrato menor, solicitáronse tres orzamentos, cando os pides, xa sabes que empresa é a máis favorable antes de contratar. En todo caso, foi decisión da empresa, sen instrucións do Concello.

Non hai máis de 17.000,50 €, nin directa nin indirectamente.

Na praza de abastos, tamén hai unha pequena iluminación interior, pero non ten nada que ver con ningunha asociación.

2º) PREGUNTA *IN VOCE* FORMULADA POLA PORTAVOZ DO GRUPO DO PP:

O 27 de novembro houbo un trofeo de Judo no Barco de Valdeorras. Participaron colexios do Barco e de Monforte, con máis de 150 pequenos. Solicitouse colaboración do Concello para facelo en Monforte. Que explique o Sr.Alcalde por que non se colaborou para facelo en Monforte.

A resposta queda para o seguinte Pleno.

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr.Alcalde-Presidente desexa unha feliz entrada no ano novo e levanta a sesión sendo as vinte e dúas horas e vinte e cinco minutos do expresado día, de todo o cal, como Secretario, certifico.

Vº e pr.

O Alcalde,

